



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo lúns 30 de marzo de 2020, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

**ASUNTO: Decreto de establecemento de medidas e sinalamento de servizos esenciais como consecuencia do Real Decreto-ley 10/2020.**

**EXPTE.: 2020/G003/000039**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista a situación derivada da pandemia xerada pola propagación do COVID-19 no noso entorno e as medidas que as autoridades competentes veñen tomando dende o inicio da crise sanitaria.

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Visto o Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo referido Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Visto o Bando de Alcaldía ditado o 13 de marzo de 2020 en relación coa situación de crise xerada pola propagación do COVID-19 e a declaración de estado de alarma.

Visto o Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.

Visto que o referido Real Decreto-lei 10/2020 élle de aplicación ó concello de Vilasantar en tanto que entidade do sector público cuxa actividade non foi paralizada como consecuencia da declaración de estado de alarma establecida polo Real Decreto 463/2020.

Visto o artigo 4 do Real Decreto-lei 10/2020 segundo o cal deberase establecer o número mínimo de plantilla ou os turnos de traballo estritamente imprescindibles co fin de manter a actividade indispensable. Esta actividade e este mínimo de plantilla ou turnos terá como referencia a mantida nun fin de semana ordinario ou en festivos.

Visto o réxime do permiso retribuído recuperable establecido nos artigos 2 e 3 do referido Real Decreto-lei 10/2020.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)  
1/3



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

Visto que quedan fóra do ámbito de aplicación do referido Real Decreto Lei 10/2020 as persoas traballadoras que poidan seguir a desempeñar a súa actividade con normalidade mediante teletraballo ou calquera das modalidades non presenciais de prestación de servizos.

Vista a Disposición adicional primeira do referido Real Decreto-lei 10/2020, segundo a cal os órganos competentes nas entidades locais quedan habilitados para ditar as instrucións e resolucións que sexan precisas para regular a prestación de servizos dos empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co obxecto de manter o funcionamento dos servizos públicos que se consideren esenciais.

Visto que no caso do concello de Vilasantar os servizos de secretaría - intervención, servizos sociais, protección civil e xestión de augas se atopan recollidos nos supostos de non aplicación do permiso retribuído regulado no Anexo do Real Decreto-lei 10/2020.

Visto o persoal que está a desenvolver as súas funcións mediante teletraballo.

Visto o resto do personal ó cal se lle debe aplicar o réxime do permiso retribuído regulado no Real Decreto-lei 10/2020.

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réximen xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro:** Declarar como servizos esenciais os de secretaría - intervención, servizos sociais, protección civil e xestión de augas ós efectos do disposto no Real Decreto-lei 10/2020.

**Segundo:** Determinar que aquel persoal que ven realizando as súas funcións mediante teletraballo permaneza na mesma situación durante o tempo que sexa preciso derivado da actual crise sanitaria.

**Terceiro:** Aprobar a aplicación do réxime do permiso retribuído regulado no Real Decreto-lei 10/2020 ó restante persoal ó servizo do concello de Vilasantar.

**Cuarto:** Manter as medidas dictadas no Bando de Alcaldía dictado o 13 de marzo de 2020 coa única modificación relativa ó horario de apertura ó público da casa do concello de Vilasantar, que permanecerá pechada. Os trámites administrativos dos cidadáns e empresas poderán realizarse a través da Sede Electrónica municipal e as consultas realizaranse preferiblemente por vía telefónica ou por correo electrónico nos número e dirección indicadas no referido Bando de Alcaldía.

**Quinto:** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)  
2/3



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

---

Mándaos e asínaos a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.